

15 Junho 2007



UNIVERSIDADE DE ÉVORA	
Arquivo FS	01.202.11

João de Amigo Barros

Mil desculpas por este longo silêncio. Acredite que estou a fazer apelo a todas as minhas forças para continuar este dia a dia. Trata-se da quasi cegueira e da quasi surdez. Posso dizer sem exageração, que ha uns 5 meses velhisse pouco tinha a ver com a velhisse que hoje tanto me perturba. Outra grande razão de perurbação tem sido o desaparecimento de 127 cartas que o Cesariny me endereçou, (em que se incluíam as cartas da sua prisão em Fresnes que em 1993 tinha depositado na Biblioteca Nacional, e que agora iam enfim ser publicadas pela Fundação de Famalicão e pela Assírio & Alvim, em edição que prome- tia ser muito cuidada.

Tambem muito perturbador é que tenha aceite uma alta condecoração, solenemente das mãos do Presidente da República. Tambem o Cesariny aceitou tal distinção mas continuo a pensar que, um surrealista, não deverá aceitar. ~~mas~~ não é facil recusar, quando se faz parte de uma sociedade organizada, que em princípio admitta a liberdade de pensamento. E recusar seria apenas um pequeno escandalo, na 1.ª ta infindavel de escândalos que alimentam a maioria. Julgo que defini a minha posição a um jornal, no proprio dia em que a condecoração me foi imposta. Com humor possível, direi que, condecorar um surrealista, é um acto surrealista...

Tambem é triste ver o encantamento com que, para além desta fronteira escutado Um tal Miguel de Carvalho, que consegue ser ouvido porque imita as lagens que Max Ernst fez nos anos 20, e porque realizou um ficheiro, (esse sim genial), com que é facil convencer gentes distantes, de que o surrealismo daqui dos anos 40, contra as inúmeras fechaduras, de toda a espécie, de um estado cató- co-fascista. Acredito num surrealismo ETERNO, e não estou de acordo com os o publicitam, com vistas à quantidade, não à qualidade. A ideia que tenho do surrealismo exige a qualidade, não a quantidade.

A falta de imaginação, para preenchimento do espaço, estou a rasgar papei que não tem valor arquivístico, embora através deles, advenha um excesso de re- dações.

Felizmente aquela Fundação Eugenio Granell, de Compostela, enviou-me 2 livros publicados, que me esforço por ler, e que se intitulam "ARTICULOS POLÍTICOS", e "CORRESPONDÊNCIA CON EUGENIO GRANELL" (1936-1999).

Assim que me for possível dedicarei todo o tempo que o surrealismo meu Amigo me merecem, aos seus e meus projectos. Junto envio um "Diário-não-diário", dos muitos que fiz, e se perderam, deixaram roubar, foram dados. Esta leria editora, está longe de ser ideal, mas faz coisas, o que já é de festejar, te tempo ainda mais surdo e mais cego do que eu o estou. Este Caderno é a caparte do original...

Os votos de boa saúde e o forte abraço.

Artur

Paco López-Barxas
c/ Santas Mariñas, 42 – 3º A
15702 – Santiago de Compostela
GALICIA – ESPAÑA

Artur Cruzeiro Seixas
Residencial de Idosos
Av. Condes de Barcelona nº III
2765 – 470 ESTORIL - Portugal

Santiago, 14 de xullo de 2009

Meu querido Artur:


En primeiro lugar as miñas máis sinceras disculpas por non ter dado noticia nestes longos dous meses desde a nosa última comunicación.

O feito de que fose nomeado como Director Xeral de Cultura do Goberno de Galicia me tivo nestes primeiros días un tanto recluído nas novas ocupaçoes no terreo da xestión cultural. Uma experiencia ésta que espero poder levar con acerto, pois supón un estímulo para a defensa dos valores nos que creo e aos que levo dedicando moitos anos da miña vida. Un estímulo que non é outro que defender aquelas coisas que están relacionadas coa promoción e difusión dos nosos creadores.

Ben sei, querido Artur, que non é fácil, mais esta utopía é a que agora intento perseguir nesta nova andaina. Aí van eses recortes de prensa que dan testemuño do meu nomeamento.

Non olvidei certamente a súa exposición aquí en Galicia. Tudo o contrario. Estou a matinar nela para que o ano que ven sexa todo un éxito en Galicia. Tal vez teña que ser nun lugar distinto da Fundación Granell, pois está en obras. Polo tanto é posible que teña lugar numa sala de arte que está ás mesmas portas da Catedral de Santiago. Pero desto, amigo Artur, falaremos cando nos vexamos o mes que ven, a mediados de Agosto, á beira do mar de Estoril.

Mentres tanto, e coa miña admiración e aprecio de sempre, recibe o meu máis caluroso abraço.



Paco López-Barxas



PACO LÓPEZ • Director Xeral de Promoción e Difusión da Cultura da Xunta de Galicia

“A cultura está por riba de militancias”

Levará adiante a máxima de Feijóo de ‘menos subvencións e máis axudas para competir’

R. A. Landeira
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Paco López (Ourense, 1952), escritor, crítico literario e xornalista. Estaba á fronte da comunicación no Consorcio de Santiago cando atendeu á chamada da nova Xunta para ocupar a Dirección Xeral de Difusión e Promoción da Cultura da Consellería de Roberto Varela.

Son partidario do segundo. Unha sociedade moderna estimula a creación, fomenta o consumo e a difusión dos seus produtos culturais. O outro día no aeroporto de Madrid vin unha familia estranxeira de catro membros sentados na cafetería, lendo cada un seu libro. Seguro que non llos regalaron...

Pódese publicar un libro en castelán subvencionado pola Xunta?

As axudas existentes son para a promoción á edición do libro en galego pero tamén para obras escritas orixinalmente en galego que queiran ser publicadas en castelán. Eso está claro. Como está claro que a literatura galega só é a que está escrita en lingua galega. O que moitos non teñen claro é que Valle-Inclán, Torrente, Fernández Flórez, Cela ou Valente, por exemplo, pertencen á nosa cultura aínda que escribiran en castelán. E hai xente que non sabe valorar que a grandeza de Galicia reside tanto nos que utilizaron o galego como o castelán como vehículo de expresión literaria.

O certo que hoxe en día, o termo ‘difusión cultural’ está íntimamente relacionado coas descargas de internet. Cal é a súa postura sobre as supostas descargas ilegais na rede? Creo que somos a quinta potencia en baixadas e descargas ilegais. Non é un tema fácil. O feito da licenza libre, *copyleft* fronte a *copyright*, entendo que é unha licenza libre que non permite perder os dereitos de autor... Si é así...

Existe unha cultura de dereitas?

A cultura está por riba de militancias e partidos. Eu disfruto da mesma maneira lendo a Borges que a Pablo Neruda. E sen embargo, os dous son opostos ideoloxicamente... Quen se pon a pensar que Neruda era comunista cando ten entre as mans ‘Vinte poemas de amor e unha canción desesperada’?

Hai quen di que a súa Dirección Xeral baséase na simple labor de subvencionar produtos editoriais...

Como di o seu mesmo nome, ésta non é a Dirección Xeral de Políticas de Subvención, se non a Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura, que é algo moi distinto. O Presidente Núñez Feijóo, deixouno moi claro cando dixó que non cre “na subvención senón na axuda para competir”. Cal é a súa lectura da cultura do ‘todo de balde’?

Unha cousa é que a cultura sexa de balde e outra que sexa accesible.

“A cultura é a única igrexa que canoniza aos seus herexes”

OS mellores anos das nosas vidas... culturais

López ten unha grande confianza nas xeracións vindeiras. “Hoxe mesmo hai xente moi nova cun talento extraordinario... Pero soh consciente de que a cultura é a única igrexa que canoniza aos seus herexes. E estos sempre foron poucos”. Ten debilidade por Rosalía, Curros Enríquez e a Xeración Nós.

Competir e subvencionar

Ten clara a máxima de Feijóo de ‘axudas para competir e non subvencións’. “Se as Coplas de Jorge Manrique ou o Quijote de Cervantes son competitivos non é porqué. Foran subvencionados”, asegura.

Quen é López-Barxas?

Amigo de Eugenio Granell, compostelán, para quen Santiago é moito máis ca unha metáfora. “Eu sonlle un xornalista que escribe e un escritor que case sempre viviu do xornalismo... Polo tanto, un simple xornalista, que non é o mesmo - se me permite a petulancia que un xornalista simple...”.

UNIVERSIDADE DE ÉVORA

Sólo tienes que enviar un mail a redaccion@santiagosiete.es Los 10 primeros podrán elegir su tratamiento



Con **santiagosiete** **CONSIGUE TU TRATAMIENTO GRATIS**

Euromedical y santiagosiete te regalan una sesión del tratamiento que tú elijas, para que sigas ganando en belleza y salud. Podrás optar por **masajes terapéuticos** (antiestrés, artrosis, dolor cervical o contracturas), **tratamientos faciales** (hidratantes, antiedad, antimanchas) o **masajes estéticos** (estrías, celulitis, reafirmante, circulatorio o relajante)



En Santiago, Rúa de San Pedro de Mezonzo, 15 1º E • Tlf 981 593 871 • www.euromedical.es

La participación en la promoción y la aceptación de la sesión de tratamiento no conllevan compromiso alguno de contratación por parte del cliente.

UNIVERSIDADE DE ÉVORA
Arquivo FCS

01.202.12

Cabaleiro y Paco López-Barxas se encargarán de Medios y Cultura


NOMBRAMIENTOS ▶ La Xunta cierra casi en su totalidad la estructura de sus altos cargos ▶ El Consello dio ayer el visto bueno a la designación de ocho nuevos responsables de distintos departamentos, entre ellos el de Emigración

F. MOURE • SANTIAGO

El presidente de la Xunta, Alberto Núñez Feijóo, salió ayer al paso de las críticas vertidas hace algunos días en determinados ámbitos sindicales, en las que se aseguraba que los nombramientos de los altos cargos del Ejecutivo se estaban "realizando a cuentagotas". En su comparecencia ante los medios de comunicación tras la reunión del Consello, Núñez Feijóo quiso defender la rapidez con la que se ha conformado, en su opinión, el nuevo Gobierno. Así, el titular de la Xunta comparó el tiempo que le había llevado al actual equipo con el que necesitó el bipartito para cerrar el 100% de los cargos. "O anterior Gobierno tardou dez consellos en nomear os altos cargos", frente a los "catro" que necesitaron los populares, argumentó Alberto Núñez Feijóo.

Tras la ronda de nombramientos de ayer, el Gobierno gallego cierra prácticamente su estructura de "altos cargos", aunque el propio presidente Núñez Feijóo admitió que puede quedar algún "fleco" por cubrir en algún departamento.

De este modo, el Consello autorizó ayer ocho nuevos nombramientos, entre los que destacan el del secretario xeral de Política Lingüística (más información en página 8), Anxo M. Lorenzo Suárez; el del secretario xeral de Medios, Alfonso Cabaleiro Durán; o el del secretario xeral de Emigración, José Antonio Camba Bouzas.



El presidente de la Xunta, Alberto Núñez Feijóo, ayer ante los medios en el Pazo de Raxoi

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Cinco vocales para la EGAP

El Consello designó los cinco vocales en el Consello Reitor da Escola Galega de Administración Pública. Serán: María Cayetana Lado Castro Rial, directora xeral de la Asesoría Xurídica; Beatriz Cuiña, secretaria xeral de la Con-

se incorporan, también, Francisco Javier Rodríguez Seijo, director xeral de Planificación e Fondos; José Antonio Campo Andión, en el Instituto Galego de Estadística (IGE); Francisco López-Barxas, director xeral de Promoción e Difusión da Cultura; Fernando Garrido Valenzuela, presidente del patronato del parque nacional Illas Atlánticas; y Joaquín Varela Limia, director del Igape. ■ galicia@elcorreogallego.es

ÁREAS DE TRABAJO



Alfonso Cabaleiro
Secretario xeral de Medios

▶ Nació en Chapela en 1957. Licenciado en Ciencias de la Información, fue director de Informativos en la Radio Galega, subdirector de Informativos de TVG. Ocupó la Secretaría de Comunicación de 2003 a 2005. Fue redactor de EL CORREO GALLEGO.

José Antonio Camba
Secretario xeral de Emigración

▶ Nació en Vilar de Barrio, en Ourense. Es licenciado en Medicina y Cirugía por la USC y es especialista en traumatología y cirugía ortopédica. Fue director xeral de Xuventude y encargado de servicios sociales en la Diputación provincial de Ourense.



José Antonio Campo Andión
Director del IGE

▶ Nació en Castro de Rei, en Lugo. Es licenciado en Matemáticas por la USC. Es estadístico facultativo del INE. Entre los años 1991 y 2005 ocupó la dirección del Instituto Galego de Estadística, puesto al que ahora regresa. Fue asesor del PPdG.

PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS

Fernando Garrido Valenzuela
Presidente do Padroado do Parque



"Un equilibrio entre disfrute y conservación"

Fernando Garrido Valenzuela, ex conselleiro de Agricultura en el Gabinete de Xerardo Fernández Albor, regresa a la primera línea política después de 25 años. Ayer, el Consello de la Xunta le designó presidente del Padroado do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Nacido en 1949, es ingeniero agrónomo por la Escuela Técnica Superior de Ingenieros Agrónomos de la Universidad Politécnica de Madrid.

- ¿Cómo afronta este nombramiento?
- Pues con la mayor ilusión del mundo. Estoy como un niño con zapatos nuevos. Además, desde pequeño siempre he estado ligado a las islas de Ons y Sálvora. Mañana mismo (por hoy) ya es-


taré trabajando en el Patronato.

- Los ecologistas de Adegas acaban de criticar que el patronato no se reúna desde hace varios años. ¿Qué va a hacer usted?
- Lo primero que tengo que decir es que estoy extrañado con esta denuncia. Y lo que le puedo decir es que antes de un mes convocaré la primera reunión del patronato.

- ¿Tiene ya planes para el futuro del parque?
- El valor del parque está en la propia naturaleza, en su flora, en su fauna. Lo que tengo claro es que hay que conseguir un equilibrio razonable entre conservación y disfrute y optar por la conservación en el caso de que hubiera un conflicto.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Francisco López-Barxas
D. xeral de Promoción e Difusión da Cultura



"La cultura no debe ser confrontación"

Francisco López-Barxas (Ourense, 1952) es licenciado en Filosofía y Letras por la Universidad Complutense de Madrid. Ha sido crítico literario y colaborador de EL CORREO GALLEGO. También fue director de Xornal Diario. Desde ayer, es el nuevo director xeral de Promoción e Difusión da Cultura.

- ¿Cómo concibe la cultura gallega?
- Creo que es abierta, libre y plural, pero sin rechazar nuestra identidad. Nunca debe ser un elemento de confrontación. No debemos perdernos en discusiones estériles.

- ¿Y usted cómo se define?
- Yo soy un galleguista independiente que me dediqué a la

cultura en los veinte años que pasé en Madrid y también aquí trabajando como periodista y escritor desde que regresé a Galicia en 1992.

- ¿Cuáles van a ser sus prioridades?
- Contactar con los agentes culturales del sector del libro, que es muy importante ya que tenemos 600 librerías y 45 editoriales. También quiero tratar de promocionar a nuestros escritores, editores, ilustradores y nuestra banda diseñada, que tiene una potencia creativa tremenda. Quiero que esas energías creativas se conozcan. Tenemos que lograr que los 26.000 puestos de trabajo en la cultura gallega pasen a 35.000.

Francisco Javier Rodríguez
D. X. de Planificación e Fondos

▶ Nació en Sada, en 1954. Es licenciado en Ciencias Económicas y Empresariales por la USC. Ha trabajado en el Grupo BBVA y en el Banco Pastor. Entre 1988 y 1990 fue director xeral de Planificación e Orzamentos de la Consellería de Economía e Facenda.

Joaquín Varela de Limia
Director del Igape

▶ Nació en Vigo en 1969. Es licenciado en Ciencias Económicas por la Universidade de Vigo. Especializado en auditorías, es máster en Dirección y Administración de Empresas por la Escuela de Negocios de Caixanova, en la especialidad de control de gestión.

CARGO Paco López-Barxas asume o seu nomeamento como director xeral de Promoción e Difusión da Cultura coa prioridade de "promocionar os axentes culturais do sector do libro"

Un galeguista independente

"Non entendo que teña que ir a Madrid para ver a Valle-Inclán porque escribiu en castelán", asegura

V. Oliveira · Santiago


"Galeguista independente". Así se declaraba onte Paco López-Barxas (Ourense, 1952), pouco despois de coñecerse o seu nomeamento como director xeral de Promoción e Difusión da Cultura, un cargo que completa o organigrama do gabinete que dirixe Roberto Varela.

O escritor e xornalista amosaba onte a súa sorpresa ao coñecer que sería a man dereita do conselleiro de Cultura. "Foi moi recente. De feito, eu fun das últimas persoas en sabelo. Foi unha decisión do conselleiro de Cultura que me propuxo para este cargo", explica.

López-Barxas concibe a cultura galega como "aberta, libre e plural pero sen rexeitar a nosa identidade". Por iso, non cre que a cultura do país deba ser "un elemento de confrontación", aínda que "nalgún momento tendese a ter guetos". "Non debemos perdernos en discusións estériles", engade.

"Eu son un galeguista independente que me dediquei á cultura nos vinte anos que pasei en Madrid e tamén aquí traballando como xornalista e escritor dende que regresei a Galicia no 1992", asegura. Dende unha posición "independente", opina que "Galicia non debe ser en función dos partidos políticos que a gobernen".

Entre as súas prioridades, ten en mente "contactar cos axentes cultu-



Paco López-Barxas na presentación do seu último libro, 'Sar, Sarela e os monstros de Compostela'

DATOS Un libro infantil, a súa última obra

López-Barxas concedía hai uns meses unha entrevista a GALICIA HOXE para falar do seu libro *Sar, Sarela e os monstros de Compostela*, editado por Kalandraka. No volume, ilustrado por Kiko da Silva, dá a coñecer detalles sobre a capital galega aos primeiros lectores. "Quería contar os contos que non lles contei no seu momento aos meus fillos por non atopar o sosego que agora teño", aseguraba.

rais do sector do libro, que é moi importante xa que temos 600 librerías e 45 editoriais. Tamén quero tratar de promocionar os nosos escritores, editores, ilustradores e a nosa banda deseñada que ten unha potencia creativa tremenda. Quero que esas enerxías creativas se coñezan", indica. Outras das súas prioridades será o emprego para conseguir que "os 26.000 postos de traballo na cultura galega se transformen en 35.000", engade.

López-Barxas tampouco elude a polémica da lingua, que, ao seu ver, non debe ser excluínte. "A pasada fin de semana fun a Madrid só para ver a representación dunhas obras de Valle-Inclán. Pero non entendo que teña que ir a Madrid para ver a Valle por-

que escribiu en castelán!", exclama. "Son tan nosos Rosalía de Castro como Pardo Bazán, Castelao como Valle-Inclán, Otero Pedrayo como Cela, Laxeiro como Eugenio Granell", engade.

"A cultura galega ten que ser localmente universal. Considero que en Galicia temos unha cultura tan importante que debe ter un interese internacional", reitera.

Coincide así cos principios xa anunciados por Roberto Varela quen considera que "ten unha concepción moi aberta da nosa cultura, co engadido desa visión universal polo seu traballo no exterior e que lle permite falar de novos rumbos para a cultura galega", conclúe. ●

BIOGRAFÍA

Mestre, autor e xornalista

Nado en Ponte Barxas (Ourense) o 24 de abril de 1952, Francisco López Rodríguez –o seu nome real– licenciouse en Filosofía e Letras na Complutense de Madrid. Crítico literario dende 1983, durante a década dos oitenta, foi redactor da revista *Argumentos*, profesor de Lingua e Literatura no colexio Logos (Madrid), membro do Consello Reitor da Universidade Antonio Nebrija e redactor xefe da canle de televisión Yurital News.

Nos noventa, regresa a Galicia para dirixir *Xornal Diario* en Pontevedra. No 2000, pasa a traballar na TVG como editor do informativo 'Bos Días'. Tamén foi redactor xefe de informativos da canle pública dende 2003 até 2005.

Impartiu cursos como profesor convidado en universidades como a Menéndez Pelayo, a Complutense de Madrid ou a Universidade da Coruña.

Na súa faceta literaria, publicou máis dunha ducia de libros como *En torno a Antonio Machado* (Gijón, 1988); *Antología de la Poesía Gallega* (Madrid, 1991); *Eugenio Granell. O surrealismo felizmente vivo* (Vigo, 1999) ou *O ladrón de paxaros* (A Coruña, 2006).

Obtivo diferentes premios literarios e colaborou en xornais como EL CORREO GALLEGO.

MOSTRA ■ A Fundación Caixa Galicia acolle dende onte a primeira exposición da artista en España

A vangarda de Tarsila do Amaral, en Santiago

A Fundación Caixa Galicia inaugura onte en Santiago unha exposición da pintora brasileira Tarsila do Amaral, a primeira individual que acolle España desta artista, considerada "peza clave na historia das artes clásicas" do país americano.

Así o explicou onte a directora da Fundación Caixa Galicia, Teresa Porto, quen indicou que esta mostra, composta por máis de 80 obras, segue a liña seguida pola entidade de traer ata Galicia "grandes artistas internacionais que non se viron antes" na comunidade, e dentro do cal se enmarcan as exposicións de Frida

Khalo, Tamara de Lempicka ou Fernando Botero.

Segundo indicou Teresa Porto, Tarsila do Amaral é "unha artista pouco coñecida fóra de América" a pesar de "a súa relevancia" no continente e, particularmente en Brasil, importancia que o comisario da mostra, Juan Manuel Bonet, comparou as figuras de Picasso ou García Lorca en España.

A chegada da exposición a Galicia, tras o seu paso por Madrid, levou consigo, explicou Teresa Porto, un "intenso" traballo de dous anos de duración, para lograr que tanto


museos públicos como coleccionistas privados accedesen a ceder os cadros no seu poder.

Pola súa banda, o comisario da exposición asegurou que Tarsila do Amaral é "a e o artista máis universal que deu Brasil no século XX" e forma "parte fundamental da imaxinación brasileira moderna", a cultura dun país "que son moitos países" unidos. A exposición que ofrece até o 31 de xullo a Fundación Caixa Galicia en Santiago céntrase no "período capital" da produción da autora, os anos 20 nos que viviu entre São Paulo, a súa provincia natal, e París, cun final simbólico en Moscova nos que Tarsila do Amaral se encheu do espírito de vangardas.

Nesta liña, a directora da Fundación enlazou esta exposición coa que Caixa Galicia vai realizar o próximo mes de outubro en Vigo dedicada á figura da pintora galega Maruja Mallo, que incluírá algunhas obras inéditas. ● E.P.



Unha das obras da artista brasileira Tarsila do Amaral



UNIVERSIDADE
DE ÉVORA

Artur Cruzeiro Seixas
Residencial de Idosos
Av. Condes de Barcelona nº IIII
2765 – 470 ESTORIL - Portugal

Paco López-Barxas
c/ Santas Mariñas, 42 – 3º A
15702 – Santiago de Compostela
GALICIA – ESPAÑA